

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 15 DE XULLO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D. Diego A. Taibo Monelos
D. Juan C. Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Yessica Mendez Sanchez

NON ASISTE:

D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL

ACCTAL:

D.^a M^a de las Nieves Fuentes Bermejo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día quince de xullo de dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Ramón Rioboo Castro e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.^a Yessica Méndez Sánchez

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral accidental, D.^a M^a de las Nieves Fuentes Bermejo

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP do 16/7/2004, núm. 162) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 08-07-2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP do 16/7/04, núm. 162) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 8 de xullo de 2019, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión. Ao non producirse ningunha intervención, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a aprobación da acta que resulta aprobada por unanimidade dos/as Sres/as concelleiros/as asistentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 8 de xullo de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 21 de xuño de 2019, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, polo que se empra a persoa interesada para ser notificada por comparecencia no expediente relativo á adxudicación directa da parcela E do parque empresarial de Alvedro-Culleredo. DOG núm. 131 do 11-07-2019.

- Decreto 81/2019, do 27 de xuño, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2020. DOG núm. 132 do 12-07-2019.
- Resolución do 2 de xullo de 2019, da Consellería de Cultura e Turismo, -Secretaría Xeral de Política Lingüística-, pola que se conceden subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 15 de marzo de 2019. DOG núm. 132 do 12-07-2019.
- Anuncio do 18 de xuño de 2019, do Concello de Culleredo, de requirimento da xestión da biomasa. DOG núm. 132 do 12-07-2019.
- Anuncio do 4 de xullo de 2019, do Concello de Culleredo, -Economía, Facenda e Réxime Interior-, de exposición pública do padrón das taxas pola prestación do servizo de distribución de auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondente ao 2º trimestre do 2019. BOP núm. 128 do 09-07-2019.
- Anuncio do 9 de xullo de 2019, do Concello de Culleredo, -Economía, Facenda e Réxime Interior-, de modificación da convocatoria para a concesión de subvencións municipais destinadas a asociación e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo: composición do órgano colexiado avaliador e ampliación prazo resolución do procedemento. BOP núm. 132 do 15-07-2019.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (resolucións de datas 13, 25 e 28 de xuño 2019) e da Concellaría delegada de Política Social, mocidade e promoción do deporte (resolucións de data 2 de xullo 2019)

*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
25/06/19	962	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	J. L. T. P.	Dúas horas á semana (agás festivos).
25/06/19	963	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	L. F. M. R.	Cinco horas á semana (agás festivos).
02/07/19	1008	Conceder unha ampliación do servizo municipal de Axuda no fogar para atender as súas necesidades básicas da vida diaria. Conceder o servizo de Xantar na casa pra o sete días da semana, accedendo á lista de agarda mentras non	L. C. F.	Cinco horas á semana (afás festivos).

		existan plazas dispoñibles cunha puntuación de 60 puntos.		
02/07/19	1009	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar. Conceder o Xantar na casa para os sete días da semana e incorporar á lista de agarda. Conceder o servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña.	M. C. C. D.	Unha hora á semana (agás festivos).

C.I.F. P-1503100-H

**PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013					
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
13/06/19	921	Conceder unha axuda económica.	M.C.L.G.	Pago de alugueiro correspondente aos meses de marzo 2019 85 € e de abril a xuño de 2019 330 €/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
13/06/19	923	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.E.B.R.	Pago do recibo de auga correspondente ao período de 4º trimestre de 2018 e 1º trimestre de 2019. Pago do recibo de luz correspondente ao período de 03 de xaneiro de 2019 a 02 de maio de 2019 que lle será aboado mediante talón bancario nominativo.	126,16 € 119,98€
13/06/19	927	Conceder unha axuda económica.	I.L.P.F.	Pago do alugueiro correspondente aos meses de xaneiro 2019 224,22 €, e febreiro e marzo 2019 300 €/mes, que lle será aboada	824,22 €

C.I.F. P-1503100-H

				mediante talón bancario nominativo. Pago do recibo de auga correspondente ao primeiro trimestre de 2019 que lle será aboada mediante folla de pedido ao proveedor.	116,12€
28/06/19	980	Conceder unha axuda económica.	D. E. G. CH.	Pago de aluguer, correspondendo 320 € os meses de maio, xuño e xullo e 115,68 € o mes de agosto de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1075,68 €
28/06/19	981	Conceder unha axuda económica.	M. D. F.	Pago de aluguer, correspondendo 320 € os meses de maio, xuño, xullo e 115,68 € o mes de agosto de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,68 €
28/06/19	982	Conceder unha axuda económica.	M. I. M. P.	Pago de recibos de auga, correspondentes ao primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2019. Pago de recibos de electricidade, correspondente a seis meses de 2019. Pago de recibos de gas, correspondente a seis meses de 2019. Pago de recibos de comunidade, correspondendo 30 € ao mes durante 12 meses de 2019.	360,00 €
28/06/19	983	Autorización, disposición, recoñecemento e orden do pago.	M. C. L. V.	Pago de recibo de auga, correspondente ao primeiro trimestre de 2019. Pago de recibos de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 13 de febreiro de 2019 ao 13 de marzo de	55,22 €

				2019 (11,02 €), entre o 13 de marzo de 2019 ao 14 de abril de 2019 (12,80 €) e entre o 14 de abril de 2019 al 13 de maio de 2019 812,68 €).	
28/06/19	984	Autorización, disposición, recoñecemento e orden do pago.	M. A. M.	Pago de recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 16 de abril de 2019 ao 16 de maio de 2019.	13,41 €
28/06/19	985	Autorización, disposición, recoñecemento e orden do pago.	Y. M. C.	Pago de recibo de auga, correspondente ao primeiro trimestre de 2019.	90,67 €
				Pago de recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 04/02/2019 ao 04/04/2019.	78,34 €

C.I.F. P-1503100-H

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

Colaboración coa I Andaina solidaria Cruz Vermella: “Entre lusco e fusco”

A Concellaría de Política Social, Mocidade e Promoción do Deporte colaborou coa Cruz Vermella na organización da I Andaina solidaria “Entre lusco e fusco”, actividade que a entidade desenvolveu o día 12 de xullo no Paseo Marítimo de O Burgo. O obxectivo da actividade foi o de sensibilizar á poboación cullerdense sobre o traballo que desenvolve a ONG coas máis de 200 familias en risco de exclusión social do Concello que está a atender con carácter anual, e a necesidade de contar con mais persoal voluntario para levar a cabo tarefas de apoio.

AREA DE SANIDADE:

**Fomento da solidariedade en saúde

Campaña de doazón de sangue

A Concellaría de Política social, mocidade e promoción do deporte colaborará coa Campaña de doazón de sangue que a Axencia Galega de Sangue, órganos e tecidos (ADOS) levará a cabo en O Burgo o día 16 de xullo, en horario de 9:00 a 21:00 h.

O obxectivo é acadar un número de doazóns de sangue suficiente para que no período de verán se cubran as necesidades de reserva de cada grupo sanguíneo, xa que é neste tempo cando baixan as doazóns.”

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Desenvolvemento local, Cultura, Festas e Turismo:

**“DACIÓN DE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DA CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, CULTURA, FESTAS E TURISMO.**

O concelleiro de Desenvolvemento local, Cultura, Festas e Turismo dá conta á Xunta de Goberno do día 15 de xullo de 2019 da realización das seguintes actividades:

ACTIVIDADES CULTURAIS

MÉRCORES 17 DE XULLO.

Biblioteca González Garcés do Burgo. 11.30 h: OU EN VILABOA?

Creatividade: Obradoiro para fomentar o espírito científico, a cargo de Ciencia en movemento.

Nenos/as a partir de 7 anos. Previa inscrición na Biblioteca. 25 plazas.

XOVES 18 DE XULLO

Salón de actos do Pazo de Vila Melania (Vilaboa). 19.30 h:

Presentación do libro *Fundido a negro*, de Teresa Ramiro.

Interveñen:

Penélope López Díaz, concelleira de Cultura.

Carlos Pereira Martínez, historiador.

Antom Laia, escritor.

Teresa Ramiro, autora.”

2.3.- SENTENZA 328/2019 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SEC. 1 DA CORUÑA, RECURSO DE APELACIÓN 12/2019.

Sentenza de data 11/06/2019 do T.S. XUSTIZA DE GALICIA, CON/AD SEC. 1 de A Coruña, do Recurso de Apelación 12/2019 promovido por DONA D.S.M., contra a sentenza de data 17 de setembro de 2018, do Procedemento Ordinario 9/2017, sobre responsabilidade patrimonial, o FALLO DESESTIMA o recurso de Apelación interposto. E se impoñen as custas procesais á apelante.

2.4.- SENTENZA 384/2019 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SEC. 2 DA CORUÑA, RECURSO DE APELACIÓN 4160/2018.

Sentenza de data 1 de xullo de 2019 do T.S.X. GALICIA CON/AD SE.2, RECURSO DE APELACIÓN Nº 4160/2018, interposto por GRANJAS LAMELAS, S.L, do PO 319/2016, O FALLO DESESTIMA o recurso de apelación interposto. E se impoñen as custas procesais ao apelante.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Código do documento	Código do expediente
USG13I00RJ	USG/2019/113
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6J4N 3K71 3X0G 2G2D 0RTP	

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral accidental, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H